

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vintedúas horas do día dezanove de maio de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo.

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna Margarita Canay Pintos

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DÍA:

- 1.- RATIFICACIÓN DO CARÁCTER DE URXENCIA.
- 2.- FORMALIZACIÓN OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA PAGO A PROVEEDORES.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DO CARÁCTER URXENTE.

O Sr. Alcalde aclara, que na sesión que tivo lugar o día 11 de maio, e para adoptar o acordo da formalización da operación de crédito para pago a provedores, era necesario un quorúm de maioría absoluta, que non se acadou no pleno anterior. Polo exposto, sométese a votación a ratificación da urxencia, acordándose por

unanimidade a súa aprobación. Acórdase por unanimidade que abonar só as asistencias a esta sesión plenaria e non abonar as do día 11-05-2012.

2.- FORMALIZACIÓN OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA PAGO A PROVEEDORES.

Dase conta dos seguintes antecedentes:

- En sesión plenaria de data 28/03/2012 adoptouse o acordo que se transcribe na súa parte dispositiva:

PRIMEIRO.- Prestar a probación ao Plan de Axuste coas medidas de redución de gastos e incrementos de ingresos previstas no mesmo que se estenderá durante o período da súa vixencia.

SEGUNDO.- Asumir os compromisos previstos na normativa reguladora durante a vixencia do devandito plan.

TERCEIRO.- Remitir o Plan de Axuste ao órgano competente do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

- Recibiuse no concello comunicación do Ministerio de Hacienda e Administraciones Públicas valorando favorablemente o plan de axuste e posibilitando a formalización da operación de préstamo para o pago a provedores.

- O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de data 11/05/2012.

- O asunto someteuse a aprobación do Pleno en sesión de data 11 de maio de 2012, adoptándose por maioría simple o acordo de aprobación da operación de préstamo.

- O Sr. Alcalde dá conta que para a adopción do acordo de aprobación da operación de préstamos é preceptivo o quórum de maioría absoluta, polo que se se somete a votación a ratificación do acordo.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, ACORDÁNDOSE POR MAIORÍA ABSOLUTA DO NÚMERO LEGAL con 6 votos a favor: votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, Manuel Rivas Reboredo e o Sr. Alcalde (PP); e 5 abstencións: votan os Sres.: Fernández Abrales, María Xesús Castro Calviño, Roberto Rivas Reboredo (BNG), Sres. Sanmartín Soto e Margarita Canay Pintos (PSOE):

PRIMEIRO.- RATIFICAR o contido do acordo de aprobación da operación de préstamo por importe de 1.162.908,97 € a un tipo de interese equivalente ó custe de financiación do Tesouro Público nos prazos sinalados máis un marxe máximo de 115 puntos básicos o que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos cun período máximo de amortización de 10 anos.

SEGUNDO.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura do contrato do préstamo e a realización da xesións necesarias a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Dar cumprimento o contido do Plan de Axuste vinculado a operación de préstamo.

A sesión rematou ó fin das vintedúas horas dez minutos. Dou fe.